

Resolución da Directora-Xerente, no proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñeiro/a de Camiños, Canles e Portos, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2024, pola que se aproban e se fan públicas as listas previas definitivas desta categoría.

Por resolución do 16 de maio de 2025 da comisión de selección, publicada na páxina web de SEAGA, aprobáronse e fixéronse públicas as listas previas provisionais na categoría de Enxeñeiro/a de Camiños, Canles e Portos, resultantes do período de actualización de méritos.

Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións, de conformidade co establecido nas bases xerais 2.1.3 e nas bases específicas 2.1.2 das que rexen o proceso, esta Directora-Xerente, **ACORDA:**

Primeiro.- Facer públicas as listas previas definitivas de candidatos/as.

Facer públicas as listas previas definitivas de candidatos/as resultantes do período de actualización, por duplicado exemplar, un exemplar no que os/as candidatos/as figuran por orde descendente á puntuación obtida tralo baremo de méritos, co D.N.I., ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais, discapacidade e puntuación, e outro exemplar no que os/as candidatos/as figuran por orde ascendente do D.N.I, ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais, discapacidade e puntuación, que se poden consultar na páxina web de SEAGA escollendo a categoría correspondente, segundo o perfil/ís e ámbito/s territorial/ais seleccionados polo/a candidato/a no Anexo I da solicitude.

A Directora-Xerente

M^a Luisa Piñeiro Arcos

(na data e hora da sinatura dixital)

